



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 301

VII lexislatura

3 de marzo de 2007

SUMARIO

(Versión electrónica en www.parlamentodegalicia.es)

1. Procedementos de natureza normativa

1.2. Proxectos e proposicións de lei

1.2.1. Proxectos de lei

Rexeitamento de emendas á totalidade

- 07/PL-0024 (16101)

Presidencia da Xunta de Galicia

Proxecto de lei de emerxencias de Galicia 46973

- 07/PL-0025(16599)

Presidencia da Xunta de Galicia

Proxecto de lei de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia 46973

3. Procedementos de control e impulso

3.5. Mocións

3.5.4. Mocións rexeitadas

- 07/MOC-0046(15775)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

López Abella, Susana

Sobre a presentación dun novo Plan integral de apoio á familia. (Moción, a consecuencia da Interpelación núm. 14073, publicada no BOPG núm. 223, do 26.10.2006, e debatida na sesión plenaria do 12 de decembro de.2006) 46973

- 07/MOC-0049(17597)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Sobre as supostas críticas da opinión pública galega aos orzamentos xerais do Estado para o ano 2007 e as medidas previstas para o cumprimento dos prazos acordados para as grandes infraestruturas viarias, portuarias, ferroviarias e do tren de alta velocidade. (Moción, a consecuencia da Interpelación núm.14914, publicada no BOPG núm. 240, do 23.11.2006, e debatida na sesión plenaria do 13 de febreiro de 2007) 46973

- 07/MOC-0050(17599)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel

Sobre as mobilizacións que están a levar a cabo as traballadoras e traballadores do sector marisqueiro galego en demanda dun maior control do furtivismo existente nos bancos marisqueiros e as medidas que vai adoptar o Goberno galego ao respecto. (Moción, a consecuencia da Interpelación núm. 15377, publicada no BOPG núm. 252, do 09.12.2006, e debatida na sesión plenaria do 13 de febreiro de 2007)

46973

- 07/MOC-0051(17606)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Palmou Lorenzo, Xesús

Sobre a suficiencia das unidades xudiciais solicitadas polo Goberno galego (Moción, a consecuencia da Interpelación núm. 13525, publicada no BOPG núm. 218, do 20.10.2006, e debatida na sesión plenaria do 13 de febreiro de 2007)

46973

3.6. Proposicións non de lei

3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

3.6.2.3. Proposicións aprobadas

- 07/PNP-0165 (9078)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Sobre a conmemoración do día de Galicia Mártir e a rehabilitación e recoñecemento de Alexandre Bóveda

46974

- 07/PNP-0248(15422)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Bernardo Tahoces, Ángel

Sobre a actuación a levar a cabo polo Goberno galego para a recuperación da plena actividade do estaleiro de Fene no eido da construción e reparación naval civil

46974

- 07/PNP-0260 (15905)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Salgado Núñez, Carmen Janet e 3 deputados máis

Sobre a igualdade de xénero e a corresponsabilidade parental, a detección de estereotipos machistas na educación, así como o abandono e maltrato infantil

46975

- 07/PNP-0268(16419)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Bernardo Tahoces, Ángel

Sobre a realización polo Goberno galego das actuacións necesarias para que o Grupo PSA Peugeot-Citroën non diminúa a carga de traballo da súa factoría en Vigo

46975

- 07/PNP-0275(16877)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e 4 deputados máis

Sobre a recuperación da memoria histórica das mulleres en Galicia

46975

1. Procedementos de natureza normativa

1.2. Proxectos e proposicións de lei

1.2.1. Proxectos de lei

Rexeitamento de emendas á totalidade

- 07/PL-0024 (16101)

Presidencia da Xunta de Galicia

Proxecto de lei de emerxencias de Galicia

BOPG núm. 278, do 01.02.2007

Sométense a votación ás emendas á totalidade de devolución, e resultan rexeitadas por 33 votos a favor, 38 en contra e 0 abstencións

- 07/PL-0025(16599)

Presidencia da Xunta de Galicia

Proxecto de lei de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia

BOPG núm. 282, do 08.02.2007

Sométense a votación ás emendas á totalidade de devolución, e resultan rexeitadas por 33 votos a favor, 38 en contra e 0 abstencións

Santiago de Compostela, 1 de marzo de 2007

Dolores Villarino Santiago

Presidenta

3. Procedementos de control e impulso

3.5. Mocións

3.5.4. Mocións rexeitadas

O Pleno da Cámara, na reunión do 26 de decembro de 2006, adoptou os seguintes acordos:

Rexeitamento da iniciativa:

- 07/MOC-0046(15775)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

López Abella, Susana

Sobre a presentación dun novo Plan integral de apoio á familia. (Moción, a consecuencia da Interpelación núm. 14073, publicada no BOPG núm. 223, do 26.10.2006, e debatida na sesión plenaria do 12 de decembro de.2006)

Sométese a votación e resulta rexeitada por 36 votos a favor, 38 votos en contra e 0 abstencións.

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2006

María Tereixa Paz Franco

Vicepresidenta 1.^a

O Pleno da Cámara, na reunión do 27 de febreiro de 2007, adoptou os seguintes acordos:

Rexeitamento da iniciativa:

- 07/MOC-0049(17597)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Sobre as supostas críticas da opinión pública galega aos orzamentos xerais do Estado para o ano 2007 e as medidas previstas para o cumprimento dos prazos acordados para as grandes infraestruturas viarias, portuarias, ferroviarias e do tren de alta velocidade. (Moción, a consecuencia da Interpelación núm.14914, publicada no BOPG núm. 240, do 23.11.2006, e debatida na sesión plenaria do 13 de febreiro de 2007)

BOPG núm. 293, do 22.02.2007

Sométese a votación e resulta rexeitada por 34 votos a favor, 38 votos en contra e 0 abstencións.

- 07/MOC-0050(17599)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel

Sobre as mobilizacións que están a levar a cabo as traballadoras e traballadores do sector marisqueiro galego en demanda dun maior control do furtivismo existente nos bancos marisqueiros e as medidas que vai adoptar o Goberno galego ao respecto. (Moción, a consecuencia da Interpelación núm. 15377, publicada no BOPG núm. 252, do 09.12.2006, e debatida na sesión plenaria do 13 de febreiro de 2007)

BOPG núm. 293, do 22.02.2007

Sométese a votación e resulta rexeitada por 34 votos a favor, 38 votos en contra e 0 abstencións.

- 07/MOC-0051(17606)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Palmou Lorenzo, Xesús

Sobre a suficiencia das unidades xudiciais solicitadas polo Goberno galego (Moción, a consecuencia da Interpelación núm. 13525, publicada no BOPG núm. 218, do 20.10.2006, e debatida na sesión plenaria do 13 de febreiro de 2007)
BOPG núm. 293, do 22.02.2007

Sométese a votación e resulta rexeitada por 34 votos a favor, 38 votos en contra e 0 abstencións.

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 1 de marzo de 2007

María Tereixa Paz Franco
Vicepresidenta 1.^a

3.6. Proposicións non de lei

3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

3.6.2.3. Proposicións aprobadas

O Pleno da Cámara, na súa sesión do día 26 de decembro de 2006, adoptou o seguinte acordo:

Aprobación con modificacións

- 07/PNP-0165 (9078)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Sobre a conmemoración do día de Galicia Mártir e a rehabilitación e recoñecemento de Alexandre Bóveda
BOPG núm. 163, do 16.06.2006

Sométese a votación o texto transaccionado que se transcribe a continuación, e resulta aprobado nos puntos 1, 2, 3, e 4 por 37 votos a favor, 0 en contra e 33 abstencións e o punto 5, por 70 votos a favor, 0 en contra e 0 abstencións.

O texto aprobado é o seguinte:

« O Parlamento de Galiza insta ao Goberno a:

1.º) Promover diante do Goberno español a rehabilitación xurídica, persoal e moral de Alexandre Bóveda e a de todos os asasinados e represaliados por defenderen a legalidade democrática, as aspiracións de autogoberno de Galiza e a xustiza social, e a iniciar as accións necesarias que permmitan a anulación dos Consellos de Guerra a que foron sometidos".

2.º) Promover iniciativas que teñan por obxecto dar a coñecer e divulgar na sociedade galega os valores éticos e políticos encarnados en Alexandre Bóveda e nos demais compatriotas asasinados e represaliados polo franquismo.

3.º) Adoptar medidas encamiñadas a reparar económicamente as vítimas galegas de represión franquista.

4.º) A retirar progresivamente dos edificios e centros dependentes da Administración galega as denominacións que fagan referencia a figuras ou feitos relacionados co franquismo.

5.º) O Parlamento de Galiza acorda facer un recoñecemento especial da figura de Alexandre Bóveda tendo en conta a súa notábel participación no impulso e na elaboración do Estatuto de 1936.»

- 07/PNP-0248(15422)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Bernardo Tahoces, Ángel

Sobre a actuación a levar a cabo polo Goberno galego para a recuperación da plena actividade do estaleiro de Fene no eido da construción e reparación naval civil
BOPG núm. 252, do 09.12.2006

Sométese a votación o texto transaccionado que se transcribe a continuación, e resulta aprobado pola unanimidade dos 70 deputados/as presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno do Estado para que adopte as medidas necesarias para que o estaleiro de Navantia Fene inicie as actividades de construción e reparación naval civil sen ningún tipo de restrición ou limitación. »

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2006

María Tereixa Paz Franco
Vicepresidenta 1.^a

A Pleno da Cámara, na reunión do 27 de febreiro de 2007, adoptou os seguintes acordos:

Aprobación por unanimidade con modificacións:

- 07/PNP-0260 (15905)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Salgado Núñez, Carmen Janet e 3 deputados máis

Sobre a igualdade de xénero e a corresponsabilidade parental, a detección de estereotipos machistas na educación, así como o abandono e maltrato infantil

BOPG núm. 268, do 05.01.2007

Sométese a votación e resulta aprobada, con modificacións respecto do texto orixinal, pola unanimidade dos 71 deputados e deputadas presentes

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento insta á Xunta de Galicia a:

1. Establecer actuacións intensivas entre a sociedade galega para favorecer a toma de decisións en igualdade no eido familiar e divulgar o valor da igualdade de dereitos como un elemento democrático básico en todos os eidos da vida.

2. Reforzar o coñecemento dos recursos á disposición das e dos menores que se atopen ante unha situación de maltrato, tanto no referente ao teléfono do menor como no referente aos dispositivos onde poder efectuar unha denuncia, e as campañas para promover a sensibilización e prevención do maltrato infantil.

3. Promover a divulgación, para o seu coñecemento xeral, dos dereitos da infancia e colaborar neste labor coas entidades que traballan especificamente na súa defensa.»

- 07/PNP-0268(16419)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Bernardo Tahoces, Ángel

Sobre a realización polo Goberno galego das actuacións necesarias para que o Grupo PSA Peugeot-Citroën non dimina a carga de traballo da súa factoría en Vigo

BOPG núm. 279, do 02.02.2007

Sométese a votación e resulta aprobada, con modificacións respecto do texto orixinal, pola unanimidade dos 71 deputados e deputadas presentes

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento insta a Xunta de Galicia a que continúe coas súas actuacións de mellora de políticas de I+D, cooperación empresarial, infraestruturas, equipamentos e solo industrial entre outras na cidade de Vigo, para xerar as condicións máis favorables para o desenvolvemento do potencial industrial da cidade e da área metropolitana, en especial no que afecta ao grupo PSA Peugeot-Citroën e á industria auxiliar do automóbil, garantindo o efectivo cumprimento do Plan estratégico do sector da automoción para o período 2007-2011.»

- 07/PNP-0275(16877)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e 4 deputados máis

Sobre a recuperación da memoria histórica das mulleres en Galicia

BOPG núm. 283, do 09.02.2007

Sométese a votación e resulta aprobada, con modificacións respecto do texto orixinal, pola unanimidade dos 71 deputados e deputadas presentes

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Constituír unha mesa de traballo "Mulleres e memoria", que teña como tarefa fundamental a recuperación da memoria histórica das mulleres galegas e a divulgación entre o conxunto da sociedade galega dos resultados deste traballo, e singularmente a súa transparencia ao ámbito educativo.

2. Promover liñas de investigación que teñan como obxectivo rescatar e difundir o papel das mulleres en Galicia, especialmente o labor desenvolvido na defensa e reivindicación de dereitos políticos, sociais, económicos e culturais das mulleres.

3. Promover a colaboración con outras institucións públicas, sinaladamente os concellos, a fin de lograr unha maior visualización das mulleres a través dos rúeiros e dos nomes de centros públicos.

4. Desenvolver e apoiar iniciativas, especialmente no eido asociativo e municipal, que contribúan ao coñecemento e á

divulgación na sociedade galega do papel das mulleres na historia de Galicia.»

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 1 de marzo de 2007

María Tereixa Paz Franco

Vicepresidenta 1.^a

BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

ESTRUCTURA

1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA
 - 1.1 LEIS E OUTRAS NORMAS
 - 1.2 PROXECTOS E PROPOSICIÓNS DE LEI
 - 1.3 OUTRAS PROPOSTAS DE NORMAS
2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL
 - 2.1 INVESTIDURA
 - 2.2 MOCIÓN DE CENSURA
 - 2.3 CUESTIÓN DE CONFIANZA
3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO
 - 3.1 CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI
 - 3.2 COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA
 - 3.3 EXAME DE PROGRAMAS E PLANS
 - 3.4 ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN
 - 3.5 MOCIÓNS
 - 3.6 PROPOSICIÓNS NON DE LEI
 - 3.6.1 PROPOSICIÓNS NON DE LEI EN PLENO
 - 3.6.2 PROPOSICIÓNS NON DE LEI EN COMISIÓN
 - 3.7 OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN
 - 3.8 PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO
4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN
 - 4.1 SOLICITUDES DE COMPARECENCIA
 - 4.2 INTERPELACIÓNS
 - 4.3 PREGUNTAS
 - 4.4 RESPOSTAS A PREGUNTAS
 - 4.5 SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS
5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS
 - 5.1 SOLICITUDE AO GOBERNO DO ESTADO DA ADOPCIÓN DE PROXECTOS DE LEI
 - 5.2 PROCEDEMENTOS RELACIONADOS CO TRIBUNAL CONSTITUCIONAL
 - 5.3 VALEDOR DO POBO
 - 5.4 CONSELLO DE CONTAS
 - 5.5 OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS
6. ELECCIÓN, DESIGNACIÓNS E PROPOSTAS DE NOMEAMENTO
 - 6.1 SENADORES EN REPRESENTACIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA
 - 6.2 VALEDOR DO POBO E VICEVALEDORES
 - 6.3 CONSELLEIROS DE CONTAS
 - 6.4 TERNA PARA A PROVISIÓN DE VACANTES DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA
 - 6.5 VOCAIS DA XUNTA ELECTORAL DE GALICIA
 - 6.6 MEMBROS DO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN DA COMPAÑÍA DE RADIO-TELEVISIÓN DE GALICIA
 - 6.7 MEMBROS DO CONSELLO ASESOR DE RADIO-TELEVISIÓN ESPAÑOLA EN GALICIA
 - 6.8 VOCAIS DOS CONSELLOS SOCIAIS DAS UNIVERSIDADES DE GALICIA
 - 6.9 VOCAIS DO CONSELLO DE BIBLIOTECAS
 - 6.10 DELEGACIÓN PARA A DEFENSA DE PROPOSICIÓNS DE LEI DO PARLAMENTO DE GALICIA NO CONGRESO
 - 6.11 OUTRAS ELECCIÓN, DESIGNACIÓNS OU PROPOSTAS DE NOMEAMENTO
7. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO
 - 7.1 COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E OS SEUS ÓRGANOS
 - 7.2 RÉXIME E GOBERNO INTERIOR
 - 7.3 ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO
8. ADMINISTRACIÓN PARLAMENTARIA
 - 8.1 ORGANIZACIÓN E NORMAS DE FUNCIONAMENTO DOS SERVICIOS DA ADMINISTRACIÓN PARLAMENTARIA
 - 8.2 PERSOAL
 - 8.3 ACTIVIDADES DA ADMINISTRACIÓN PARLAMENTARIA
9. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS
 - 9.1 INFORMACIÓNS
 - 9.2 CORRECCIÓNS DE ERROS



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servicio de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25